



**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161

Fax : 986 - 536348

e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Expediente núm.: 538/2025

Bases que deben rexer a Convocatoria e o Proceso de selección

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**BASES DE SELECCIÓN QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA A
CONTRATACIÓN NA MODALIDADE DE CONTRATO FORMATIVO DUN
TITULADO NO GRAO DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA**

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral, na modalidade de contrato formativo, co fin de adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e facilitarlles a súa inserción no mercado laboral.

O contrato terá unha duración inicial de 6 meses, prorrogable ata o máximo dun ano, a xornada completa, e co 70% das retribucións mensuais de acordo ao convenio colectivo do Sector de Oficinas e Despachos da Provincia de Pontevedra (BOPPO 47 – 10/03/2024) coas correspondentes táboas salariais, complementado ata o correspondente SMI, dun/ha TITULADO/A NO GRAO DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA.

O horario será o do persoal das oficinas do Concello.

Entre as tarefas a realizar atópanse:

- Apoio rexistro do concello.
- Apoio na atención telefónica e directa ó público.
- Apoio nas certificacións do padrón de habitantes.
- Apoio na tramitación de expedientes.
- Apoio ao servizo de urbanismo
- Apoio ao servizo de xestión administrativa e secretaría-intervención
- Outras tarefas relacionadas coa titulación





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

2.- DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato, na modalidade de formativo, terá unha duración inicial de 6 meses prorrogable ata o máximo dun ano, **subvencionado ao abeiro do programa “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” da Deputación de Pontevedra** por importe de 16.800,00 euros.

Os importes non subvencionados pola Deputación de Pontevedra serán financiados con cargo ós orzamentos de gastos do Concello.

3.- RETRIBUCIÓN

As retribucións serán as correspondentes a categoría equivalente no Convenio Colectivo para o sector de Oficinas e Despachos da Provincia de Pontevedra publicado no BOP n.º 47 do 10/03/2009, complementadas ata o SMI correspondente.

4.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Tendo en conta o disposto no punto 4º das Bases reguladoras e convocatoria en réxime de concorrência non competitiva do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”, para financiar contratos formativos, publicado no BOPPO núm. 156, do 19/08/2025, os requisitos que deben de cumprir os/as aspirantes, son os seguintes:

- a) Que estean en posesión dunha titulación universitaria ou título de grado medio ou superior de formación profesional ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional. Na praza obxecto da convocatoria requírese a titulación de GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA.
- b) Que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- c) Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

- d) Que, no momento da contratación non transcorresen máis de tres (3) anos, ou máis de cinco (5) cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
- e) Que non tivesen experiencia profesional nin realizasen ningunha actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres (3) meses, sen que se computen, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.
- f) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplen contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
- g) Non haber sido contratada ou contratado na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.

Tódolos requisitos esixidos deberán posuílos os/as aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

As bases da selección publicaranse na Sede Electrónica do Concello <https://portas.sedelectronica.gal/info.0> e no taboleiro de anuncios do Concello, dende o mesmo día da súa aprobación e ata a finalización do proceso selectivo.

Tal e como establece a Base 13, punto 2 do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS”, o Concello presentará unha oferta de emprego dentro do ámbito de busca que non poderá superar o nivel provincial.

A oferta presentarase na Oficina do Servizo Público de Emprego de Caldas de Reis, e solicitarase unha relación de candidatos/as, cun máximo de 10 por posto, preseleccionados/as por ela, incritos/as como demandantes de emprego ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato formativo.





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Sen prexuízo de que poida empregar outro medio de comunicación adicional, o Concello notificará ós/ás candidatos/as a súa inclusión na relación remitida pola oficina de Emprego de Caldas de Reis, mediante inserción de anuncio na Sede Electrónica do Concello <https://portas.sedelectronica.gal/info.0> e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as candidatos/as que figuren na relación remitida pola oficina de emprego deberán presentarse na data e hora establecida na carta remitida pola oficina de emprego e disporán de **2 días hábiles** desde esa data para presentar as súas solicitudes de participación no proceso selectivo, así coma a documentación xustificativa dos méritos ó Concello podendo empregar as diferentes vías existentes, entendendo que desisten de participar aqueles que non presenten documentación. No caso de que presenten a documentación todos/as os/as candidatos/as e dada a urxencia da contratación poderase seguir co proceso selectivo aínda que non pasasen os 2 días hábiles.

A **baremación de méritos** realizarase polo tribunal cualificador, nas oficinas do Concello, o día establecido.

O tribunal cualificador propondrá á Alcaldía a contratación do/a aspirante que obtivera maior cualificación total sen exceder do número de postos de traballo.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, atenderase ó disposto no Anexo III das Bases do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”: Criterios de selección: “...a orde de *prelación* determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una *infrarrepresentación* do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. Se o citado precepto non resultase aplicable ou persistese o empate tras a súa aplicación, este resolverase en función da nota media global do expediente académico e, de continuar este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados...”

As puntuacións outorgadas publicaranse na sede electrónica ou na páxina web do Concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

para o posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo para o posto de traballo ofertado.

6.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola Oficina do Servizo Público de Emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán facelo mediante a **presentación de instancia nos 2 días hábiles seguintes á data de presentación que indique a carta remitida pola oficina de emprego**, á que achegarán a seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada manifestando que se reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria á finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Título Académico e Certificación académica da nota media.
- Vida laboral actualizada.
- Outros títulos: másters, outras titulacións, cursos, etc... que sexan baremables.

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde-Presidente do Concello e poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello, sendo o horario de presentación de documentación de luns a venres: 9:00 a 14:00 horas, ou en calquera das formas admitidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Se algún/a dos interesados fixera uso da facultade de presentar a súa solicitude por correo ou noutra oficina administrativa distinta da local, deberá acreditar co resgardo





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos ou na oficina administrativa, e anunciar o mesmo día ao Concello por correo electrónico no enderezo portas@concellos.depontevedra.es, achegando con copia do antedito resgardo, e avisando mediante chamada telefónica ao 986536161 – Administración.

7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Atenderase ó establecido no Anexo III das Bases do proxecto “+ EMPREGA NOS CONCELLOS 2025”: **Criterios de selección.**

O proceso de selección consistirá en valorar os méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un **máximo de 4,00 puntos**, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R.D. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R.D. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique, valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: **2,00 puntos.**

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de **1 punto.**

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo, 0,50 puntos por título ata un **máximo de 1 punto** (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un **máximo de 2 puntos**. Estes computaranse do seguinte xeito:





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- f) Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) e teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio de Cultura onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:
<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestiontitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinala o Concello.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na sede electrónica ou na páxina web do concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para o posto de traballo ofertado.

8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes e propor a Alcaldía o/a aspirante coa maior puntuación para a súa selección. O tribunal está composto polos seguintes membros:

Presidente: Miguel Ángel Maquieira Cancela, Técnico A2 – AEDL do Concello de Portas ou suplente que se designe, de ser o caso.

Secretario: Rosa María Ferro Rey, Educadora Familiar do Concello de Portas, ou suplente que se designe, de ser o caso.

Vogal: María del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora do Concello de Portas, ou suplente que se designe, de ser o caso.

Vogal: Ana María Barreiro Fresco, Bibliotecaria do Concello de Portas, ou suplente que se designe, de ser o caso.

Vogal: Carolina Couselo Fariña, Arquitecta Municipal do Concello de Portas, ou





**Concello de
Portas
(Pontevedra)**

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

suplente que se designe, de ser o caso.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de tres membros, titulares ou suplentes, sendo obrigatoria a presenza do Presidente e o Secretario ou substitutos.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

10.- ACHEGA DE DOCUMENTOS.-

Os/as aspirantes propostos/as para a súa contratación laboral temporal mediante **contrato formativo**, deberán presentar a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base cuarta desta convocatoria.

11.- CONTRATO LABORAL.-

O Alcalde, de conformidade coa proposta vinculante do Tribunal Cualificador, ditará Resolución de contratación que se publicará na Sede Electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios do Concello, e subscribirá **Contrato formativo para a obtención da práctica profesional axeitada ao nivel de estudos**, co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral.

12.- RÉXIME XURÍDICO.-

O tribunal cualificador queda facultado para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha dos procesos de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan plantexarse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

No non previsto nas Bases, aplicarase supletoriamente a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real decreto legislativo 5/2015, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Real Decreto 896/91, o Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, e o Estatuto dos traballadores.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

